

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria do 27 de maio de 2022, ás 12:00 horas.

## **ASUNTOS**

### **Información e actas**

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 4/2022, do 29 de abril.
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 23 de abril de 2022 ata o 20 de maio de 2022.

### **Comisión de Benestar Social e Educación**

3. Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Consorcio As Mariñas para cofinanciar o Mantemento do Servizo de Asesoría Xurídica social especializada no ano 2022 e do correspondente convenio de colaboración.
4. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Banco de Alimentos Rias Altas para o cofinanciamento da Adquisición de alimentos de primeira necesidade e contratación de persoal e do correspondente convenio de colaboración
5. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida Coruña-CASCO para cofinanciar o Mantemento da rede de pisos de acollida durante o ano 2022 e do correspondente convenio de colaboración.
6. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO para financiar a Substitución do tellado da Comunidade Terapéutica O Confurco e do correspondente convenio de colaboración.

### **Comisión de Promoción Económica e Asistencia a Municipios**

7. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Mesia para financiar as "Actividades na Aula da Natureza-Museo Etnográfico das Brañas de Valga

### **Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais**

8. Aprobación do proxecto DP 1107 Boiro a Cabo de Cruz. Actualización de mellora da capa de rodadura con mestura bituminosa en quente pq 0+000 ao pq 4+000 (BOIRO), integrado no Plan de Conservación de Vías Provinciais 2022, terceira fase igualmente obxecto de aprobación.

### **Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento**

9. Aprobación das instrucións para tramitar a revisión excepcional de prezos en contratos de obras da Deputación Provincial da Coruña.
10. Aprobación da rectificación do inventario de bens da Deputación Provincial da Coruña

correspondente ao ano 2021

11. Aprobación da transferencia da competencia de dominio público viario provincial e asemade o cambio de titularidade a favor do Concello de Ames de varios tramos das estradas provinciais: DP 0203 Bertamiráns a Augapesada , DP 0205 Bertamiráns á Ramallosa e DP 0206 Milladoiro a Biduido.

12. Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carnota polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Mellora da Iluminación na Zona Rural -Fase 2.

13. Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de rehabilitación do estadio municipal da Malata.

14. Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiso polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras do programa "Aldeas con vida propia".

15. Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Miño polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de renovación dun tramo da rede de abastecemento do camiño de Outeiro -Sombreu

16. Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Coristanco polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras da Estación depuradora de augas residuais en San Paio

### **Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural**

17. Aprobación da modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 para a regulación do POS+Adicional 2/2022, para o financiamento de gastos correntes do exercicio 2022, investimentos financeiramente sostibles e revisión excepcional de prezos nos contratos públicos de obras municipais

18. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Ampliación do paseo fluvial de Arteixo desde Sabón ata O Rañal" do Concello de Arteixo, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2000.0110.0

19. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Ampliación de centro deportivo e reforma de pista polideportiva exterior Rúa Belvís de Paleo", do Concello de Carral, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0143.0, levantamento das condicións ás que quedou sometida e aprobación definitiva desta obra.

20. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Abastecemento a Rodeiro e Trasanquelos. Estación de bombeo, impulsión e depósito regulador", do Concello de Oza-Cesuras, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2017 co código 2017.2001.0684.0, levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

21. Aprobación da prórroga do convenio nº 95/2021 entre o concello de Mugardos e a Deputación da Coruña polo que se financian as obras relativas á "Pista de Pumptrack en O Baño TM Mugardos"

## **Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior**

22. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, correspondente a abril de 2022.

23. Dación de conta da remisión, ao Ministerio de Facenda e Función Pública, da información da execución orzamentaria da Deputación provincial e dos seus entes dependentes correspondente ao primeiro trimestre de 2022.

24. Aprobación da aceptación da delegación de competencias tributarias do Concello de Sada (TAXA SOLO).

25. Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal Nº 5 reguladora da taxa por prestación de servizos tributarios

26. Dación de conta das entregas a conta de maio, xuño, xullo e agosto de 2022 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

27. Dación de conta do informe da Tesourería da posta en marcha da notificación electrónica.

28. Aprobación da proposta da Presidencia sobre cambio de data da sesión ordinaria do sexto mes de 2022.

29. Aprobación definitiva da modificación da relación de postos de traballo, cadro de persoal e organigrama 2022.

## **Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible**

30. Aprobación da actualización do Plan de Emprego Local (2020/2023) na que se inclúen modificacións en PEL Concellos, PEL Emprende e PEL Pemes.

### **ACTUACIÓN DE CONTROL: MOCIÓNS**

Moción que presentan os grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG sobre a habilitación de novos fondos para os concellos por parte da Xunta de Galicia.

Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica pola defensa da vivenda pública.

Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en apoio aos traballadores e traballadoras do metal.

Moción do PSG-PSOE e do BNG sobre acceso e inclusión dixital.

### **ROGOS E PREGUNTAS**